

Rosa Domínguez

Rosa Domínguez era a viúva de Urbano Sanmartín Abilleira, un dos seis veciños da cidade de Pontevedra que pasou polo horror dos campos de exterminio nazis. Grazas ao traballo de investigación de Xosé Álvarez Castro sabemos que Sanmartín, nacido en Mourente en 1902 e veciño de Lleida no momento do golpe de Estado, exiliouse en Francia e alí foi capturado o 19 de xullo de 1940 para o seu posterior internamento en Polonia.

Segundo explica o historiador, foi trasladado con outros españois e brigadas a Mauthausen o 21 de xaneiro de 1941. Había que cubrir a pé os cinco quilómetros de distancia, así que os nazis pegáronlle un tiro a quen xa non era quen de camiñar. O pontevedrés si chegou para enfrontarse a toda clase de torturas. Consta na documentación manexada por Álvarez Castro que, cando chegaron, o campo estaba a trinta grados baixo cero e, tras mallar neles usando porras e outros obxectos, metéronos na ducha para alternar chorros de auga xeda con outros de auga fervendo.

Urbano Sanmartín permaneceu nese inferno ata que o 17 de febreiro seguinte foi trasladado a Gusen, de onde xa non saíu. Os papeis fixan a súa data de morte no 24 de novembro de 1941 e a causa, unha pericardite. No entanto, Álvarez Castro teme que o pontevedrés fose unha das persoas asasinadas mediante a inxección de gasolina no corazón. O seu corpo foi queimado o 27 de novembro de 1941.



Rosa non soubo o que lle ocorrera até tres décadas despois. O seu é todo un exemplo de muller resistente. Nunca cesou no empeño de coñecer a verdade. Deixara de recibir novas do seu home desde que fora trasladado de Polonia. Alí permanecía nun Stalag, que era como se denominaban os campos de traballo controlados polos militares onde, ao contrario do que ocorría cos das SS, a xente presa podía ter contacto coa familia ou recibir paquetes. En Mauthausen ou Gusen tamén eran sometidos a traballo escravo pero as condicións eran tan infra-humanas que non se podían considerar campos de traballo, senón de exterminio.

A pesar da súa insistencia, non é até 1974 que lle comunican oficialmente a Rosa Domínguez o asasinato do seu home, así como o percorrido ao que fora sometido.

O sangue resistente e loitador de Rosa e Urbano callou no seu fillo Jesús, pois Álvarez Castro atopou documentación que recolle que Jesús Sanmartín Domínguez fora detido nun dos enfrontamentos que a guerrilla antifranquista ten coas autoridades nos anos 1944 e 1945. Tras entrar en Francia en 1939 uniuse á guerrilla e seguiu loitando pola democracia até a súa detención e posterior condena a 12 anos e un día. Aínda que vivía en Lleida, Jesús nacera en Cuba, onde o seu pai, como tantos outros veciños de Mourente, tiña emigrado.